

# I DÚATLON ESCOLAR CIDADE DA CORUÑA CONCELLO DE A CORUÑA Proba Clasificatoria para a Final Provincial de A Coruña

## REGULAMENTO

### **Organiza:**

Club Triatlón Coruña  
Email: escolatriatloncoruna@gmail.com  
Persoa de contacto: José Daniel González Castro  
Teléfono: 698127175  
Federación Galega de Triatlón e P.M.  
Concello de A Coruña

### **Patrocina e promove:**

Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

### **Colaboran:**

Desarrolla  
Policía Local  
Protección Civil  
Deputación de A Coruña

### **Datos da proba:**

Proba Clasificatoria para a Final Provincial de Dúatlón Escolar de A Coruña. Dirixida a deportistas inscritos e inscritas no programa XOGADE na actividade deportiva escolar de Dúatlón da provincia de A Coruña, das categorías ; Benxamín, Alevín, Infantil e cadete.

A inscrición no programa pode realizarse a través da web <https://inscripcionxogade.xunta.gal/>

A proba rexerese segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Triatlón e P.M. e da Federación Española de Triatlón. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

**Saída, transición e meta:**

Zona contorna de Riazor

**Recollida de dorsais:**

A través do Técnico/Delegado do Club dado de alta no programa.

Na carpa de organización nas inmediacións da transición dende 8:30 am, antes do comezo da proba ata 20´ antes de cada saída.

**Datas e horarios das carreiras:**

Domingo 19 hora de comezo ás 10:00

	CARREIRA 1	CICLISMO	CARREIRA 2	CAMARA CHAMADAS	HORA
<b>CADETES ( 2008/ 09 )</b>	<b>1600M ( 2V )</b>	<b>8000M ( 2 V )</b>	<b>800M ( 1V )</b>	<b>9:45</b>	<b>10:00</b>
<b>INFANTILES( 2010 / 11)</b>	<b>1200M ( 1V )</b>	<b>6000M ( 4 V )</b>	<b>600M ( 1V )</b>	<b>10:45</b>	<b>11:00</b>
<b>ALEVIN ( 2012 / 13)</b>	<b>800M ( 1V )</b>	<b>4000M ( 3V )</b>	<b>400M ( 1V )</b>	<b>11:40</b>	<b>11:50</b>
<b>BENXAMIN ( 2014 / 15 )</b>	<b>400M ( 1V 9</b>	<b>2000M ( 2V )</b>	<b>200M ( 1 v )</b>	<b>12:20</b>	<b>12:30</b>

***OS HORARIOS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DA INSCRIPCIÓN NA PROBA***

**Inscricións:**

Inscripción gratuíta.(Só deportistas de alta no programa Xogade na actividade deportiva escolar de dúatlon, na provincia de A Coruña).

Apertura de inscricións o Luns día 30 de xaneiro

**Ata ás 15:00 h. do martes 14 de febreiro de 2023** . Enviar folla de inscrición (excell anexo) ao correo electrónico: [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) con copia a [deportes.coruna@xunta.gal](mailto:deportes.coruna@xunta.gal)

**Procedemento Control de Material**

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control  
 Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici/casco) e o casco posto e abrochado.

**Cronometraxe Electrónica**

O dorsal será obrigatorio no sector de carreira por diante e no de ciclismo ás costas.  
Recoméndase levar porta dorsal ou goma para darlle a volta en cada sector

### Saída

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, os oficiais e persoal de organización irán indicando cando deben poñerse na liña de pre-saída .

### Chegada a Meta

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de pos-meta onde se lles entregará o avituallamento, continuarán o camiño para saír da zona de pos-meta e irán recoller a bicicleta para abandonar a zona.

### Premios

Medallas aos tres primeiros clasificados individuais en cada categoría e sexo aportados pola organización.

